


- 1 Le este texto e copia os nomes dos lugares que aparecen. Como se escriben eses nomes? Como é a letra coa que comezan?



O porquiño Pinto despediuse de Manuel o granxeiro e saíu cara a Santiago. Deixou Guntín moi oufano, pero, ao chegar a Melide, sentiu fame e comeu un pouco de polbo. Ao pasar por Arzúa, decidiu probar o famoso queixo

e, en Touro, tomou unha boa cunca de caldo. E así, vila tras vila, foi Pinto probando todos os manxares do camiño. Cando por fin chegou ao Monte do Gozo e viu ao lonxe a catedral, tiña xa o bandullo tan cheo que caeu a rolos pola montaña abaixo.

- 2 Escribe seis nomes máis doutros lugares que se che ocorran. Pensa no nome do lugar onde vives, onde vas ao cole, onde viven os teus compañeiros...







- 3 Agora, copia os nomes propios de persoa e de animal: